


# 18-N: A MEMORIA DA NOITE

Hai que entrar na noite para poder saír dela. Así o imaxinaba no seu himno contra a catástrofe Luar na Lubre. Na letra de Xabier Cordal fálase do mar mudo, de barcos negros e redes baleiras que deben ser conxurados. Zona de descompresión, nesta «cámara escura» dáse cita a catástrofe na súa condición primeira, a do 18 de novembro de 2002. Aquí convocamos o barco afundido como un corpo fantasmal para exorcizalo. Pois non é o barco o que aquí presentamos senón as formas que temos de relacionarnos con el. Son un conxunto de estratexias estéticas. Unhas pasan pola crítica cultural, outras pola evocación. Aquelas polo arquivo, pola dislocación ou, finalmente, mediante a invocación contemporánea, pola réplica. Son todas tentativas de transformar a melancolía celebratoria do Prestige nunha proposta de interrogación viva.



## MAPA SEN XENTE

A propósito da imaxe da marea negra vista dende o satélite ASAR-Envisat, cabería afirmar que «a Gran Muralla do Piche» é tamén visible dende o espazo. O tamaño xeográfico desa mancha fai imposible negala. Parecería suficiente chapapote para asfaltar enteira a costa galega que, de feito, abrangue. Con esa tinta as mareas van escribindo xeróglifos e labirintos nas augas. Vista nas alturas, a catástrofe propónse para a contemplación dun deus, de alguén tan afastado das cousas como para non ver nelas máis que o trazo dunha liña. A mirada do satélite é unha mirada que vai alén do humano. No mapa cenital non hai xente ningunha. Pero esa terra debaixo está habitada. Visto desde arriba, o noso mundo disóciase da súa representación. E nós precisamos comprendelo dende un lugar que poida ser habitado.



Imaxe de satélite de Galicia durante o afundimento do Prestige.

## A RELIQUIA E O FANTASMA

Na grande manifestación do 23 de febreiro do 2003 acudiu un camión faranduleiro cun sistema musical aparatoso. Viña recuberto polos relevos do Prestige representados na súa última fase, cando xa tronzara e estaba para afundir. Era unha sorte de barco fantasma, convocado nun límite entre a festa e a morte e nunhas datas antroidais. No día en que se conmemora o golpe de estado de Tejero, queríase ocupar co espectro do petróleo a capital madrileña, nun exercicio de reapropiación festiva da «doutrina do shock», anos antes de que o 15M falase do «23-F dos Mercados». Naquel febreiro do 2003, o barco afundido retornaba como pesadelo lúdico, como figura carnavalesca. Pero a visión que ofrecían dese barco afundido era inédita. Ao refaceren a silueta, aqueles artistas reconstruíron coa arte unha perspectiva que os medios de comunicación non nos fixeron ver.



Manifestación en Madrid, 23 de febreiro de 2003. Arquivo Vivo AUGBN.



Xunto ao palco na Puerta del Sol en Madrid na manifestación do 23 de febreiro de 2003. Arquivo Vivo AUGBN.

## COMO AFUNDE UN BARCO

Para o ollo cenital o mundo é demasiado pequeno como para ver o que nel pasa. A ese ollar de satélite só lle interesan as catástrofes cando son grandes abondo, pero nada sabe da súa escala respecto dos corpos que as viven. O afundimento do Prestige narrouse desde un helicóptero ou a través das fotografías épicas de Xurxo Lobato, que fixeron del a boca dun tiburón. Porén, daquela faltáronnos as perspectivas. Non vimos a altura desproporcionada da nave respecto dun corpo humano. Non vimos o óxido. E, sobre todo, non vimos o furado xigante nun costado, o baleiro polo que xa saíran cantidades descomunais de chapapote. Ver a catástrofe desde arriba é algo con consecuencias. A perspectiva que un adopta é a primeira cuestión estética e política. Daquela había outros puntos de vista dispoñibles que non circularon. Son moitas as imaxes inéditas do afundimento do navío aínda hoxe pendentas. As que aquí recuperamos presentan a lenta agonía da nave, a súa velez vulnerable, a súa condición póstuma. Permitennos ver barco non como o depredador e si como a presa.



Imaxe anónima do afundimento.

## A NOSA MEMORIA

A asociación cultural «Unha Gran Burla Negra» traballa coa memoria do Nunca Máis dende hai cinco anos. O seu tempo vai alén das efemérides. Fronte á «lenta violencia» da que fala Rob Nixon, pensamos que a «ecoloxía dos pobres» require dunha «memoria lenta». Pero para iso é preciso elaborar as pegadas do piche na imaxinación compartida. Segundo a metáfora de Alfonso Zarauza, a sociedade galega quedou «encallada» tras o afundimento. Pasados os primeiros meses, toda aquela experiencia ficara sen «lugares de memoria», sen espazos e rituais onde elaborar o trauma. E vinte anos despois, a cousa non ten mudado moito. Os memoriais do Prestige existentes celebran máis o afundimento do barco que os traballos de quen limpou logo a desfeita. Un parador, dous edificios «culturais» (verdadeiros contedores baleiros) e un monólito de moitos miles de euros son o groso da nómina oficial. A propia dun monumentalismo dende arriba. Pero a memoria feita desde abaixo ou desde os lados opera doutro xeito. Xunta a poesía e a historia, o humor e o documento, como fixera o canteiro Juan Cabeza, que acolleu como propia a tarefa de homenaxear aos voluntarios. Imaxinoules un santiño propio: un apóstolo con máscara e cun barco por caxato, dando as grazas. Noutra das súas pezas vemos un arao cunha máscara para se protexer do chapapote. A retranca e a memoria. O aceno coidadoso. Cabeza deseñou outro Santiago, chorando lágrimas de piche, dándolle as grazas ao rei de Marrocos («Sucram») que daquela, xusto despois das ocupacións do illote de Perejil, ofrecera axuda para Galicia, nun xesto de solidariedade e pacifismo. Tamén fixo a escultura dunha virxe do Carmo do Nunca Máis, para coroar unha igrexa nunha das localidades afectadas: a peza foi censurada. As esculturas de Cabezas reinterpretan símbolos mesturando o sacro e o profano, a natureza e o humano, o ritmo da memoria e as urxencias dunha crise. Ante a ausencia dunha memoria pública, os artistas e os cidadáns tiveron que se facer cargo dela, mediante xestos poéticos, os propios dunha comunicación segura entre cómplices e testemuñas. Así brillan, con esa pequena forza profética, «as luciñas e vagalumes» da memoria, ditas por Castelao.



Xogo de esculturas de Juan Cabeza.

## CREBA E CRIME

Pero sempre hai algo que sobrevive á catástrofe.

Alomenos un fragmento, unha ruína, unha creba. Non hai crime perfecto sen pegada, nin naufraxio sen restos. Recollido en Corrubedo por Manuel Romero, este fragmento da lancha de salvamento do Prestige é, paradoxalmente, o único que se salvou do buque. Presentámolo non tanto como un *memento mori* da negra nave, senón como un símbolo do naufraxio. Traballamos cos fragmentos na conciencia de que neles está contido o mundo do que proveñen, toda a intensidade daquilo que xa non existe. Esa é a forza da memoria.




Pecio dun bote salvavidas do Prestige.

## AS CÁMARAS DO RECORDO

«[Mangouras] non sabe aínda que se converteu no chibo expiatorio. O Goberno coída ter un presunto culpable con nomes e apelidos. El é un veterano capitán grego de 67 anos. Hora por hora, recorda o que pasou a bordo, debuxa con trazo firme nun folio en branco o seu esquema do barco, detallando as tapas rotas polo accidente, polas que comezou a manar o fuel. Cando remata o debuxo, firma: "A. Mangouras. Master"»

Luis Gómez e Pablo Ordaz,  
Crónica negra do Prestige 2003, 99



Planta expositiva de Sempre máis. Arte, ecoloxía e protesta na Galiza do Prestige. Intervención sobre o deseño das cámaras do Prestige de Mangouras.



Apostolo voluntario. Escultura Juan Cabeza.